



CONCELLO DE SOUTOMAIOR
(Pontevedra)

ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO GRATUITO ZONA AZUL

ARTIGO 1. OBXECTO

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril e das disposicións contidas no Real Decreto Legislativo 339/90, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, así como o R.D. 1.398/93 de 4 de agosto que aproba o Regulamento do Procedemento do exercicio da Postestade Sancionadora, díctase a presente ordenanza que ten por obxecto regular o estacionamento limitado-gratuito (zona azul).

ARTIGO 2. XUSTIFICACION

A ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido. En virtude das facultades que se recoñecen ó Concello no artigo 25 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, e no art. 7 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, créase o "Servicio de Zona Azul", que pretende acadar o acceso igualitario e limitado de tódolos/as conductores/as ó aparcamento nas zonas onde sexa especialmente escaso.

ARTIGO 3. AMBITO E DETERMINACIONES

Os estacionamentos regulados e con horario limitado existirán naquelas rúas e zonas habilitadas e sinalizadas para iso, e se determinarán por medio dunha Resolución da Alcaldía. En todo caso deberán de coexistir cos de libre utilización e someteranse ás seguintes determinacións:

- 1.- O estacionamento efectuarase mediante disco comprobante do horario, que indicará a hora do estacionamento. (Ver Anexo).
- 2.- @ conductor/a do vehículo está obrigad@ a colocar o disco horario no lugar da parte interna do parabrisas que permita totalmente a súa visibilidade desde o exterior.
- 3.- O período máximo de permanencia dun vehículo en zona azul será de unha hora nas rúas e 90 minutos no aparcadoiro público de Arcade.
- 4.- Quedan excluídos desta limitación, os vehículos da policía, protección civil, bombeiros, ambulancias e persoal sanitario en servizo de urxencia.
- 5.- Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandonar o aparcamento, e non poderá volver a estacionar na mesma rúa ou praza, ata transcorridas dúas horas.
- 6.- O horario de limitación comprenderá de 09,00 a 13,00 e de 16 a 21,00 horas. Agás os sábados a partir das 13 horas, domingos e festivos, nos que non haberá limitación.
- 7.- Despois de sinalar a hora de chegada no disco horario, non se poderá variar ata que o vehículo abandone o estacionamento en zona azul.

ARTIGO 4. INFRACCIONS

Constituirán infraccións específicas desta modalidade de estacionamento:

- 1.- A falta de disco comprobante do horario.
- 2.- Sobrepasar o límite horario indicado no comprobante.
- 3.- Modificar a hora de chegada despois do estacionamento.
- 4.- Estacionar de novo o vehículo na mesma rúa ou praza, antes de transcorrer dúas horas contadas desde a hora de chegada.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR
(Pontevedra)

5.- Ocupar dúas prazas de estacionamento, ou non axustarse ó espacio marcado para o vehículo.

ARTIGO 5. SANCIÓN

As infraccións sinaladas nos apartados 1, 2, 4 e 5 do artigo anterior serán sancionadas con multa de VINTECATRO EUROS (24 €), e a sinalada no apartado 3 con multa de TRINTESEIS EUROS (36 €).

As devanditas multas se reducirán nun 30% se se fixeran efectivas dentro do prazo de quince días contados desde o día seguinte o da recepción da notificación da denuncia.

ARTIGO 6. INMOBILIZACION DO VEHICULO

Cando un vehículo estea estacionado en zona de estacionamento regulado e con horario limitado durante máis dunha hora e media, contada desde que fora denunciado polo incumprimento das normas que regulen este tipo de estacionamento, poderá ser inmovilizado ó obxecto de identificar o seu conductor e notificar a denuncia pertinente; se fora reincidente, poderá ser retirado. Neste caso, notificarase á persoa que pida a devolución do vehículo os

gastos que supoñan a inmovilización, o traslado e o depósito, segundo proceda.

DISPOSICION FINAL.

Esta ordenanza, que consta de 6 artigos, unha Disposición final e 1 anexo, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o seu texto integro e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.